

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 29 DE OUTUBRO DE 2015,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Decreto polo que se dispón que cese Gonzalo Mosqueira Martínez como director de Augas de Galicia.
- Decreto polo que se nomea director de Augas de Galicia a Roberto Rodríguez Martínez.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun resto da estrada AC-116 Catabois-Valdoviño (AC-566) e os elementos auxiliares da estrada AC-566 Narón (AC-862)-Campo do Hospital (AC-862), a prol do Concello de Valdoviño.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de composición, interpretación, musicoloxía e pedagogía, na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais, nas especialidades de bens arqueolóxicos, escultura e pintura, na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática na Comunidade Autónoma de Galicia.

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Decreto polo que se define a carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia.

## **ACORDOS**

## **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba o texto do Proxecto de decreto polo que se establece a ordenación dos establecementos hoteleiros, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se aproba o Plan galego de financiamento universitario 2016-2020.

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación da xestión de servizos públicos, para a reserva e ocupación de prazas nos servizos de atención residencial terapéutica para persoas con discapacidade intelectual na provincia da Coruña, na modalidade de concerto, por procedemento aberto e tramitación ordinaria documentalmente simplificada (expediente PA 70/2015). Importe do orzamento: douscentos corenta e tres mil catrocentos sesenta e oito euros con dezaseis céntimos (243.468,16 euros). Valor estimado: catro millóns oitocentos trece mil cincocentos trinta e oito euros con corenta céntimos (4.813.538,40 euros).

## **MOCIÓNS E PROPOSTAS**

## **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Declaración institucional en defensa do Estado das Autonomías.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe de seguimento dos novos resultados e aforros da Rede de enerxía da Xunta de Galicia (Redexga).
- Informe sobre a aprobación da Estratexia de especialización intelixente transfronteiriza Galicia- Norte de Portugal (RIS3T).

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o sistema de automatización do diagnóstico asistido por ordenador.

## **O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A ROBERTO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ DIRECTOR XERAL DE AUGAS DE GALICIA**

- *Rodríguez Martínez, licenciado en Dereito pola Universidade da Coruña, ocupaba actualmente o cargo de xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou o decreto polo que se nomea a Roberto Rodríguez Martínez director de Augas de Galicia, logo do cesamento por petición propia de Gonzalo Mosqueira Martínez, que seguirá ligado a este organismo.

Rodríguez Martínez é licenciado en Dereito pola Universidade da Coruña e na actualidade ocupaba o cargo de xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, ao que accedeu en 2009.

Previamente á súa entrada na Administración autonómica, Rodríguez exercía, desde o ano 1997, a súa labor como avogado no seu despacho profesional especializado nos ámbitos civil e administrativo.

Ata 2009 compatibilizou a súa práctica na avogacía coa docencia na Escola Universitaria de Turismo da Coruña, onde impartía clases de dereito financeiro. Desde 2010 é membro da Real Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación.

## A XUNTA AUTORIZA O TRASPASO AO CONCELLO DE VALDOVIÑO DUN RESTO DA ESTRADA AC-116 QUE UNE CATABOIS CON VALDOVIÑO E ELEMENTOS AUXILIARES DA VÍA NARÓN-CAMPO DO HOSPITAL

- *Trátase dun treito da AC-166, arredor do punto quilométrico 12+330, na glorieta dos Robles; e de elementos da AC-566 situados entre os p.q. 10+750 e 12+020, que comprenden zonas de estacionamento, paradas de bus, beiravías e beirarrúas, así como a franxa de terreo que hai entre o bordo exterior das beirarrúas e a liña de expropiación*
- *Co cambio de titularidade, o Concello de Valdoviño poderá actuar sobre estes treitos, que pasa a ser de titularidade municipal, de modo acorde coas súas características urbanas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o cambio de titularidade dun resto da estrada AC-116 Catabois-Valdoviño (AC-566) e de elementos auxiliares da estrada AC-566 Narón (AC-862)-Campo do Hospital (AC-862). Trátanse dunhas vías autonómicas que atravesan este concello coruñés.

Concretamente, o treito da AC-166 é un resto situado na marxe dereita, arredor do punto quilométrico 12+330, sito na glorieta dos Robles; e en referencia á AC-566, son elementos auxiliares da estrada, situados entre os p.q. 10+750 e 12+020, relativos a zonas de estacionamento, paradas de bus, beiravías e beirarrúas, así como a franxa de terreo que hai entre o bordo exterior das beirarrúas e a liña de expropiación, é dicir, no límite do dominio público.

Con este procedemento, o Concello de Valdoviño poderá actuar sobre estas vías que pasan a ser de titularidade municipal, de modo acorde coas súas características urbanas, e xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas, como por exemplo as limitacións de usos ou actividades nas súas marxes ou os accesos, e reducirá as cargas administrativas sobre os cidadáns dos núcleos por que discorre.

O cambio tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece que deberá ser aprobado por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

## O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE AOS CURRÍCULOS QUE BLINDAN A EQUIVALENCIA DOS ESTUDOS DE DESEÑO, CONSERVACIÓN, MÚSICA E ARTE DRAMÁTICA COS ESTUDOS UNIVERSITARIOS

- *O propio articulado dos textos indica que, sempre que a normativa aplicable esixa estar en posesión do título de grao, se entenderá que cumpre este requisito quen estea en posesión dos títulos superiores destas disciplinas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe os proxectos de decretos polos que se establecen os plans de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, de Deseño, de Arte Dramática e de Conservación e Restauración de Bens Culturais na Comunidade Autónoma de Galicia. Coa publicación desta normativa queda blindada a equivalencia destes estudos cos universitarios. De feito, o propio articulado dos decretos indica que "sempre que a normativa aplicable esixa estar en posesión do título universitario de grao, entenderase que cumpre este requisito quen estea en posesión do título superior" nas devanditas disciplinas.

Os currículos aprobados hoxe establecen tanto os plans de estudos como os perfís profesionais asociados a eles e as especialidades que se establecen para cada título, nomeadamente as de composición, interpretación, musicoloxía e pedagogía no caso do de Música; as de bens arqueolóxicos, escultura e pintura no currículo do título de Conservación e Restauración de Bens Culturais; as de gráfico, interiores, moda e produto para o título superior de Deseño; e as de dirección escénica e dramaturxia, escenografía e interpretación no de Arte Dramática. Así mesmo, especifícanse as vías de acceso e probas específicas, a duración dos estudos - 240 créditos repartidos en 4 cursos- e os procedementos para o recoñecemento e transferencia de créditos.

A publicación destes currículos reforza a aposta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria polas ensinanzas artísticas superiores, así como a máis alta consideración, igualdade de oportunidades e seguridade para os seus titulados no que se refire á equivalencia dos seus estudos cos universitarios. Neste sentido cómpre lembrar que xa coa aprobación da Lei orgánica para a mellora da calidade educativa (LOMCE) quedou reafirmada a equivalencia co grao universitario dos títulos obtidos nas ensinanzas artísticas superiores, eliminando o problema creado en 2009 polo Ministerio de Educación co Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, que creou a confusión coa denominación da titulación de "grao" aplicada a estas ensinanzas modificando o título establecido na LOE: título superior equivalente ao título universitario de diplomado ou título de grao equivalente.

## A XUNTA APROBA A CARTEIRA DE INFANCIA, FAMILIA E ADOLESCENCIA QUE PERMITIRÁ PRESTAR VARIOS SERVIZOS NUNHA MESMA INSTALACIÓN

- *O Consello da Xunta acaba de aprobar hoxe o decreto que regula esta iniciativa, que se converte na primeira norma destas características en Galicia*
- *A normativa foi elaborada tras un proceso en que participaron as principais entidades sociais e profesionais deste eido*
- *Igual que a carteira da dependencia, a da infancia suporá un cambio de modelo de atención, ao deixar de basearse en equipamentos para centrarse nos servizos que se poden prestar en cada un deles*
- *Deste xeito, cada instalación poderá desenvolver máis dun servizo, sempre que os acredite correctamente e cumpra as condicións necesarias*
- *Neste decreto, recolleranse recursos novidosos como as casas-niño ou o Servizo de Axuda no Fogar para a Infancia-SAFI (bono coidado), actuacións tamén incluídas no Plan de dinamización demográfica 2013-2016*

A nova carteira de servizos de infancia, familia e adolescencia abrirá a porta a que unha mesma instalación poida ofrecer máis dun servizo, e optimizar así os equipamentos. Ademais, e como novidade, considera a posibilidade de atención nocturna en casos excepcionais en dúas das súas novas medidas en materia de conciliación: no Servizo de Axuda no Fogar para a Infancia- (SAFI) (bono coidado), que se implantará tanto no ámbito rural como no urbano; e nas casas- niño, destinadas fundamentalmente ao medio rural.

Así se recolle neste decreto, que hoxe aprobou o Consello da Xunta e que foi elaborado tras un proceso en que participaron as principais entidades sociais e profesionais deste eido.

Esta carteira, igual que sucedeu coa destinada á dependencia, busca modificar o modelo de atención, de xeito que deixe de basearse en equipamentos e se centre en cada un dos distintos servizos que se poden prestar neles. Deste xeito, cada instalación poderá ofrecer máis dun recurso, se cumpre as condicións necesarias e as acredita. Por exemplo, unha escola infantil podería prestar tamén servizos de ludoteca ou de formación e orientación a pais e nais.

Esta nova ferramenta estrutúrase ao redor de dous eixos: a área de servizos xerais, para aquelas familias sen necesidades especiais; e a área de servizos específicos. Nesta última recóllense os recursos destinados a atender as necesidades particulares de persoas ou familias en que concorra algunha das seguintes circunstancias: familias de especial consideración (numerosas, monoparentais, acolledoras, con persoas maiores ou con discapacidade ao seu cargo), familias adoptantes, menores en situación de risco ou desamparo e menores infractores.

Deste xeito, ademais de permitir optimizar e diversificar as instalacións ao definir os servizos por separado, a carteira tamén promoverá un maior nivel de personalización ao diferenciar os recursos en función do colectivo a que van dirixidos.

En concreto, a carteira recolle os seguintes conceptos para cada un dos servizos: a súa denominación, modalidade e tipoloxía; o ámbito de prestación; os obxectivos; as persoas beneficiarias; a forma de acceso e as prestacións que incorpora.

Trátase da primeira vez que se elabora unha norma destas características e se define o contido mínimo de cada servizo, indicando as prestacións que debe de conter.

### **Casas niño e SAFI**

Ademais de regular servizos xa existentes, a carteira incorpora outros novos, como poden ser as casas-niño ou o Servizo de Axuda no Fogar para a Infancia (bono coidado). Ambos os recursos xa foron incluídos no Plan de dinamización demográfica de Galicia 2013-2016 como novas actuacións destinadas a fomentar a conciliación da vida laboral, persoal e familiar.

Deste xeito, agora dáse un paso máis ao regulalos a través desta carteira. Entre outras novidades, este decreto prevé, como xa se indicou, que ambos poderán prestarse na súa modalidade nocturna en circunstancias excepcionais.

Dentro do SAFI (BONO COIDADADO), inclúense tamén prestacións de apoio educativo e acompañamento fóra do domicilio, co fin de dotar o servizo da flexibilidade necesaria para facer fronte ás necesidades das familias.

Alén destas dúas actuacións novas, incorpóranse outros servizos que non existían ata o momento, como a formación e orientación a pais e nais con nenos e nenas da etapa de educación infantil ou o servizo de apoio a familias en que se viven situacións de violencia de xénero.

### **Modelo de carteiras**

En definitiva, esta ferramenta vén a ampliar e diversificar os servizos destinados ás familias e aos menores e, ao mesmo tempo, dá cobertura e segue a liña establecida polo Plan de dinamización demográfica de Galicia 2013-2016.

Cabe lembrar que esta carteira se inscribe no novo modelo de prestación dos servizos sociais que está a impulsar a Consellería de Política Social. Ademais desta carteira destinada á infancia, é preciso recordar que en novembro de 2013 xa entrou en vigor a nova carteira de servizos de atención á dependencia; e que actualmente tamén se está traballando na de persoas con autonomía e na de inclusión.



## **A XUNTA APROBA REMITIR AO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA A NOVA ORDENACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS**

- *O obxectivo desta modificación da regulación dos establecementos hoteleiros é introducir un sistema de cualificacións novo que permita ter en conta os servizos prestados polos establecementos á libre elección dos seus titulares*
- *Unha das novidades máis destacadas que inclúe a nova regulación é a introdución de parámetros de calidade do servizo na categorización dos establecementos*
- *Así mesmo, introduce elementos de flexibilidade na rixidez métrica das superficies esixidas a prol dunha homoxeneización normativa entre comunidades autónomas*
- *A clasificación dos establecementos hoteleiros da nova regulación inclúe dúas novas categorías: os hoteis balnearios e os hoteis talaso*

O Consello da Xunta aprobou hoxe remitir ao Consello Consultivo o proxecto de decreto polo que se establece a ordenación dos establecementos hoteleiros.

O obxectivo desta modificación da regulación dos establecementos hoteleiros é introducir un sistema de cualificacións novo que permita ter en conta, por unha parte, as infraestruturas e o cumprimento duns mínimos obrigatorios para todos os establecementos da mesma categoría e, por outra parte, os servizos prestados polos establecementos, ofrecidos á libre elección dos seus titulares.

Así, neste novo sistema de clasificación por puntos, valóranse tanto a importancia da percepción da calidade que teñen os consumidores e usuarios, coma os requisitos mínimos que se teñan que cumprir en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, adecuados aos estándares xerais do sector. Así mesmo, inclúe a posibilidade de mellorar a competitividade dos establecementos, mediante un sistema flexible da clasificación cun espazo que permite a innovación empresarial no noso territorio.

Neste senso, unha das novidades máis destacadas é a introdución de parámetros de calidade do servizo na categorización dos establecementos, alén dos puramente métricos ou cuantitativos. Neste senso, introdúcense criterios de servizos de cariz prestacional, de confortabilidade, mobiliario e equipamentos das habitacións, acceso aos servizos complementarios, servizos de restauración, servizos de telecomunicacións, entre outros.

Así mesmo, o novo decreto introduce elementos de flexibilidade na rixidez métrica das superficies esixidas coa finalidade de facilitar a rehabilitación de edificios, a conservación do patrimonio histórico e artístico e unha adecuada adaptación da norma tentando harmonizalo tanto co resto de normas doutras comunidades autónomas coma coas do noso contorno máis inmediato, en especial coa normativa europea.

Por outro lado, este novo decreto constitúe un instrumento normativo a través do cal se traspón, no ámbito dos establecementos hoteleiros, a directiva do Parlamento Europeo relativa ao libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio.

### **Clasificación dos establecementos hoteleiros**

Esta nova regulación turística clasifica os establecementos hoteleiros en dous grupos: hoteis e pensións.

Pola súa vez os establecementos do grupo de hoteis clasifícanse nas seguintes modalidades: hoteis, hoteis apartamentos, hoteis balneario, hoteis talaso e moteis. E con independencia da súa modalidade, clasifícanse por categorías identificadas por estrelas excepto os moteis que se clasificarán nunha única categoría e deben cumprir, como mínimo, as condicións que correspondería á categoría de hotel de dúas estrelas.

As categorías de unha, dúas, tres, catro e cinco estrelas poden ter, ademais, a cualificación de superior.

No que se refire aos establecementos do grupo pensións, estes clasifícanse en tres categorías identificadas por estrelas. A denominación de hostel poderana utilizar aquelas pensións de tres e dúas estrelas que cumpran os requisitos establecidos nesta norma.

Esta nova regulación turística mantén, polo tanto, o sistema de clasificación por estrelas dos establecementos hoteleiros utilizado a nivel internacional dende hai décadas, o que, sen dúbida, constitúe unha garantía de especial importancia para as persoas usuarias turísticas, ao permitirlles asociar o número de estrelas outorgadas en cada establecemento hoteleiro cun determinado nivel de calidade de instalacións e servizos.

Outra das principais novidades que incorpora a dita ordenación é a nova categoría de hoteis balnearios, que corresponde a aqueles establecementos que, reunindo os requisitos exixidos aos hoteis, contén con instalacións balnearias; e a categoría hotel talaso para os establecementos hoteleiros que conteñan instalacións e unidades de tratamento con auga do mar natural como elemento diferenciador e esencial da súa oferta.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN GALEGO DE FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO, QUE INCREMENTA OS FONDOS PÚBLICOS NUN 18% PARA O PRÓXIMO QUINQUENIO ATA ACADAR OS 2.480 MILLÓNS**

- *O novo documento volve garantir a estabilidade financeira das universidades ao longo do período 2016-2020*
- *O vindeiro ano, o financiamento ás universidades medra por enriba do crecemento que experimentan os orzamentos da Xunta de Galicia; recibirán 18 millóns de euros máis que en 2015*
- *Contará cunha distribución de fondos máis transparente, na cal se primará a eficiencia na xestión e na cal os resultados irán acadando maior peso, ata chegar a supoñer o 40% en 2020*
- *Introdúcense accións de mellora da calidade co fin de potenciar a cooperación interuniversitaria, fomentar a impartición de graos en inglés ou impulsar a especialización de campus periféricos*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020, que estará dotado con preto de 2.480 millóns de euros de financiamento público, o que supón un incremento de case un 18% -373 millóns máis- con respecto á cantidade inicial fixada no plan anterior. Este crecemento, que volverá garantir a suficiencia e estabilidade financeira das universidades ao longo do próximo quinquenio, xa se notará o ano que vén. En 2016 aumentan os fondos un 4,8% (18 millóns de euros) con respecto ao ano actual, posto que se pasa dunha repartición de 374,22 millóns en 2015 a 392,3 o vindeiro exercicio.

Neste sentido, este incremento do 4,8% é superior ao crecemento que experimentan os Orzamentos da Xunta de Galicia o próximo ano -que medran un 4,3%- , o que demostra o esforzo financeiro que, unha vez máis, realiza o Goberno galego para blindar os fondos ás universidades galegas.

Ademais deste aumento de fondos, o novo plan introduce unha serie de novidades con respecto ao anterior, dado que se establece unha nova repartición máis simple e transparente a través de dous fondos permanentemente comunicados, primase a eficiencia na xestión e apóstase por incrementar o peso do financiamento vinculado a resultados de investigación, de transferencia e docentes. Outra das novidades é que as universidades coñecerán por anticipado as cantidades exactas que recibirán ao ano seguinte, e así poderán incorporalas aos seus orzamentos con precisión.

### **Evolución das contías no próximo quinquenio**

O financiamento público destas institucións académicas experimentará ao longo dos próximos cinco anos un incremento continuo. Tendo en conta só as partidas

vinculadas directamente ao plan, os 392,3 millóns en 2016 pasarán a 407,22 en 2017; 415,57 en 2018; 423,08 en 2019 e 429,96 en 2020.

A estas contías engádense o resto de partidas públicas de fóra do plan, como convenios con outras consellerías, fondos europeos, da Administración Xeral do Estado ou do GAIN (Axencia Galega de Innovación). A suma de ambas as dúas partidas conforma o montante de 2.480 millóns de euros de financiamento público para este período.

### **Financiamento estrutural**

O financiamento estrutural, que garante a suficiencia do sistema, representa inicialmente o 66% dos fondos do plan; de feito, o próximo ano distribuiranse arredor de 261 millóns de euros vinculados a este capítulo. Con este fondo sufragarase o custo de persoal docente e administrativo necesario para atender as necesidades formativas de cada universidade dun xeito eficiente. Este custo calcularase en función do número de alumnos matriculados en cada materia de grao e máster. Por tanto, elimínanse os criterios históricos que influían ata agora na repartición en prol da transparencia.

Ademais, dentro deste fondo quedarán recollidas contías para transferir en concepto de RAM (reforma, ampliación e mellora de infraestruturas). O cálculo basearase na valoración de bens inmoables de cada entidade. En todo caso, o peso do financiamento estrutural tenderá a diminuír pola implantación progresiva de medidas de mellora organizativa e de eficiencia.

### **Financiamento por resultados**

A outra parte da repartición de fondos estará vinculada á consecución de resultados, que nun principio supón o 33% do financiamento, aínda que o obxectivo é que en 2020 chegue a representar o 40%. Este capítulo, que o vindeiro ano repartirá arredor de 131 millóns de euros entre as universidades, estará conformado por catro subfondos.

Deste xeito, forman parte do financiamento por resultados os complementos retributivos e compensación por matrículas; os custos asociados ao ensino universitario, onde se recollen as partidas á UNED, á Fundación Rof Codina, á ACSUG e aos consellos sociais; un panel de 12 indicadores vinculados a investigación, transferencia e docencia; e o fomento da I+D+I a través de convocatorias en concorrencia competitiva ou convenios para a execución de programas de investigación e transferencia de coñecemento.

### **Impulso á I+D+i e panel de indicadores**

Neste último grupo recóllense os fondos asociados a todas as axudas de captación, formación e retención de talento (predoutorais, posdoutorais e investigadores asentados con contratos estatais ou a través do programa Oportunius); e o impulso á investigación de referencia mediante grupos de referencia competitiva, de potencial crecemento e a través de agrupacións estratéxicas e centros singulares de investigación.

Ademais, neste apartado tamén se introducen accións de mellora da calidade co fin de potenciar a cooperación interuniversitaria, fomentar a impartición de graos en inglés e dun mínimo do 50% das materias dun grao en galego, lograr mellorar en rankings internacionais ou impulsar a especialización de campus periféricos.

Dentro do panel de indicadores, dotado cuns 55 millóns, os obxectivos en investigación e transferencia teñen un peso maior que os vinculados ás actividades docentes, ao entender que estas últimas están presentes en maior grao dentro do financiamento estrutural. Por exemplo, a captación de talento investigador supón un 20%, os ingresos de investigación representan un 15% e a produción científica, igual que a súa visibilidade, un 10%.

### **Comisión de seguimento**

Outra das novidades do plan reside na súa propia natureza, posto que se trata dun documento elaborado polo Goberno galego –coa colaboración das universidades– ao cal deberá adherirse individualmente cada unha das tres universidades de Galicia mediante sinatura de convenio. Deste xeito, comprométese a cumprir os obxectivos nel establecidos garantindo, en consecuencia, a estabilidade financeira da súa institución durante o próximo quinquenio.

Neste sentido, e co obxectivo de velar pola correcta execución do establecido no plan, créase unha comisión de seguimento que se encargará de resolver dúbidas e controversias que poidan xurdir na aplicación e interpretación do novo documento; de revisar anualmente os resultados obtidos en aplicación dos indicadores de resultados e os datos para a repartición do financiamento estrutural; e de propor, á vista dos resultados logrados, a revisión da estrutura do plan ou dos indicadores que sexan precisos para reflectir a consecución de obxectivos de xeito adecuado.

### **Un plan froito da negociación**

A aprobación hoxe polo Consello da Xunta é o último paso despois dun longo proceso de negociación coas universidades, que culminou o pasado 13 de outubro coa aprobación por unanimidade –algo inédito ata agora– do plan polo Consello Galego de Universidades. Agora só resta que cada universidade, de xeito individual, asine o convenio de adhesión ao documento antes de final de ano.

## **A XUNTA DE GALICIA AMPLÍA CON OITO NOVAS PRAZAS O SERVIZO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL TERAPÉUTICA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL EN CENTROS DA PROVINCIA DA CORUÑA**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación, na modalidade de concerto, para a reserva e ocupación destas prazas na modalidade de internando de 365 días*
- *O prazo de execución é dun ano a partir do vindeiro 1 de decembro e será prorrogable, por mutuo acordo, ata acadar unha duración máxima de 20 anos. O investimento anual da Administración autonómica ascende a un total de 206.947,93 euros*

A Consellería de Política Social, que dirixe José Manuel Rey Varela, a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, inicia o proceso para a contratación en réxime de concerto de oito prazas de atención residencial terapéutica en modalidade de internado de 365 días na provincia da Coruña. O Consello da Xunta autorizou hoxe o contrato para a reserva e ocupación destas prazas co obxectivo de contribuír á implantación dunha atención especializada que ten en contra as necesidades deste colectivo e das súas familias.

O prazo de execución do devandito contrato é dun ano a partir do vindeiro 1 de decembro e será prorrogable, por mutuo acordo, ata acadar unha duración máxima de 20 anos. O investimento anual da Administración autonómica nestas oito prazas ascende a un total de 206.947,93 euros. Galicia conta con 558 prazas públicas de atención residencial en centros para persoas con discapacidade intelectual con necesidades de apoio extenso e xeneralizado, cun réxime de internado de 365 días. Delas, un total de 159 están situadas en centros da provincia da Coruña, territorio en que se concentra a maior demanda deste tipo de servizos.

## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN DEFENSA DO ESTADO DAS AUTONOMÍAS**

A declaración secesionista que determinadas formacións políticas queren levar ao Parlamento de Cataluña é un desafío ao conxunto do Estado das Autonomías. Non é un desafío a un goberno concreto, senón a todas as comunidades que, conxuntamente, conformamos España.

Afecta, por tanto, a unha nación plural que é produto dunha longa historia, pero sobre todo da libre decisión dos seus cidadáns e da vontade democrática dos pobos que a compoñen.

España é como os españois quixemos que fose cando recobramos a democracia. España é como decidiron os cidadáns dos diferentes territorios, conscientes de que o Estado das Autonomías era a mellor fórmula de artellar unidade e diversidade.

Galicia, como parte desa España, e os galegos, como titulares dos seus dereitos democráticos, fomos protagonistas dese gran pacto histórico. Por iso, nin Galicia nin os galegos somos alleos aos intentos fraudulentos de liquidalo. O mesmo país que rexeitou a pretensión de limitar o noso autogoberno, non pode admitir que se poña en risco España das Autonomías que é tanto como dicir, a propia Autonomía galega.

Galicia e Cataluña –como o resto das comunidades-- son realidades diversas onde conviven diferentes maneiras de pensar, e xeitos variados se sentirse español, galego e catalán. Todos son respectables.

O que a Constitución e os Estatutos que dimanan dela garanten é, precisamente, ese respecto e tamén a posibilidade de entendemento entre identidades e sentimentos. Cuestionar a Constitución e vulnerar os Estatutos, non é outra cousa que ameazar a convivencia.

A irresponsabilidade, a deslealdade ou o cálculo persoal e partidario non poden estar por riba dun marco de entendemento e convivencia no que soñaron os españois e galegos de antano, no que vivimos os españois e galegos de hoxe, e no que queremos que vivan harmoniosamente os españois e galegos de mañá.

Opoñémonos ás tentativas de dividir, porque así defendemos un legado, un presente e sobre todo un futuro que desexamos limpo de tensións e enfrontamentos.

A Xunta de Galicia ve representado o seu compromiso co Estado das Autonomías en todas as iniciativas que se adopten para defendelo.

E sabedora da súa responsabilidade como Goberno dunha nacionalidade histórica, garante que apoiará a resposta que dean a este desafío o Goberno de España e os partidos democráticos.

Por riba de calquera outra cousa, esa resposta é a que emana do consenso ao que chegamos na Transición, da convivencia á que todos nos comprometemos e a única posible, que é a do cumprimento da legalidade.

Estamos convencidos de que a unidade en torno á España das Autonomías e á Constitución das liberdades, permitirá superar este momento difícil cunha responsabilidade clara e inequívoca.



## A XUNTA AFORRARÁ 37 MILLÓNS EN GASTO ENERXÉTICO ATA O 2020 CO DESENVOLVEMENTO DA REDEXGA

- *A Rede de Enerxía da Administración ten incorporados 1.636 puntos de subministración eléctrica pertencentes ás distintas consellerías, o que xera aforros de case un 20%*
- *Nos vindeiros meses centralizarase o contrato de gasóleo nun sistema que xa ten permitido aforrar 8 millóns en electricidade e case 1 millón de euros a través do contrato de gas*
- *No caso do gas natural, a rede integra 113 puntos de subministración que acadan aforros do 15% na factura*
- *Os hospitais do Sergas ou a Cidade da Cultura son algunhas das últimas incorporacións a unha rede xestionada polo Centro Intensivo de Aforro de Enerxía habilitado no Inega*

O Goberno galego, na súa aposta pola eficiencia enerxética, segue a desenvolver a Rede de enerxía da Xunta de Galicia (Redexga), que se configura como un sistema pioneiro de xestión enerxética que ten centralizada a contratación eléctrica da Administración pública. Neste sentido, os avances no desenvolvemento da estrutura permitirán ao Goberno autonómico xerar un aforro de 37 millóns de euros ata o ano 2020.

Así, desde a súa posta en marcha en outubro de 2013, a rede incorporou xa 1.636 puntos de subministración eléctrica pertencentes á totalidade de consellerías, o que xera aforros próximos ao 20%, o dobre do previsto inicialmente. Deste xeito, a Redexga permitiu aforrar 8 millóns de euros durante os seus dous primeiros exercicios, incorporando á rede edificios como a Cidade da Cultura –con aforros de máis do 7% na súa factura eléctrica- ou o Centro de Supercomputación de Galicia –cunha diminución do custo anual en electricidade de case o 20%-.

Pola súa banda, a contratación centralizada do gas natural integrou, desde o mes de setembro, 113 puntos de consumo que totalizan máis de 500 GWh anuais, o que permitirá xerar, só ata o mes de decembro, un aforro próximo ao millón de euros, un rexistro que superará os 7 millóns a finais de 2017. O Hospital Lucus Augusti –cun aforro de máis do 15%- , a propia Cidade da Cultura ou o Hospital Montecelo –ambos cunha redución de custos do 7,5%- son algúns dos edificios que xa se están a beneficiar desta centralización do gas.

Deste xeito, a Redexga impulsa unha contratación enerxética racionalizada á que se sumará, nos vindeiros meses, o gasóleo. A integración dos distintos centros e fontes enerxéticas enmárcase no labor que, como parte da rede, vén desenvolvendo o Centro

Intensivo de Aforro Enerxético, xestionado polo Inega e encargado de analizar e optimizar pola súa vez os diferentes consumos da Redexga.

Así mesmo, e en liña co traballo desenvolvido neste centro, o Inega está a actuar como asesor enerxético da Administración a través da elaboración de pregos técnicos en materia de eficiencia enerxética, e do deseño e execución de proxectos singulares.

Neste marco, estase a promover a figura do xestor enerxético co obxectivo de asesorar os técnicos das distintas consellerías en labores como o control do gasto enerxético, o axuste das potencias contratadas ou os programas de eficiencia. Deste xeito, facilítase a análise detallada dos consumos integrados na Redexga, traballando na súa optimización a través do asesoramento enerxético.

Todas estas actuacións encádranse dentro da Estratexia de aforro e eficiencia enerxética no sector público autonómico 2015-2020, que se aprobará nas vindeiras semanas, e que ten como obxectivos, entre outros, diminuír nun 20% os consumos enerxéticos da propia Administración, o cal suporá un aforro económico total do 10% sobre a factura enerxética actual. O Goberno galego reitera así a súa aposta polo aforro e a eficiencia enerxética, posibilitando importantes aforros para as arcas da Administración que repercuten en beneficio de todos os cidadáns.

## A RIS3 TRANSFRONTEIRIZA NACE CO OBXECTIVO DE CAPTAR 360 MILLÓNS PARA QUE A EURORREXIÓN LIDERE A INNOVACIÓN NO ESPAZO ATLÁNTICO

- *Galicia e o Norte de Portugal activan a primeira Estratexia de especialización intelixente transfronteiriza da Unión Europea, que busca ser a panca de impulso á innovación na Eurorrexión*
- *A Estratexia permitirá aproveitar mellor os diferentes marcos de financiamento europeos, mobilizando do xeito máis efectivo posible os fondos específicos existentes para a cooperación transrexional*
- *A enerxía da biomasa e do mar, a competitividade das industrias agroalimentarias e biotecnolóxicas, o desenvolvemento das industrias de mobilidade, o impulso da industria 4.0, a innovación nas industrias creativas e turísticas e as solucións avanzadas para a vida saudable son os seis retos compartidos*
- *No documento traballaron a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte (CCDR), nun proceso que contou con 200 empresas e centros de coñecemento das dúas rexións*

Galicia e o Norte de Portugal acaban de completar con éxito o proceso de elaboración da Estratexia de especialización intelixente transfronteiriza (RIS3T) da Unión Europea, un documento presentado hoxe no Consello da Xunta e que nace co obxectivo de captar 360 millóns para que a Eurorrexión lidere a innovación no espazo Atlántico, impulsando fortalezas e retos con capacidade de xerar crecemento económico, emprego de calidade e benestar social.

Neste sentido, a Estratexia permitirá aproveitar mellor os diferentes marcos de financiamento europeos, mobilizando do xeito máis efectivo posible os fondos específicos existentes para a cooperación transrexional e transfronteiriza. Así, a activación da RIS3T coincide coa apertura da convocatoria do Programa operativo de cooperación transfronteiriza España-Portugal (POCTEP), aspirando a Eurorrexión a captar 77 millóns dun programa centrado no impulso da competitividade das pemes a través da innovación.

Ademais, a Estratexia será tamén o marco para poñer en marcha accións coordinadas capaces de captar financiamento procedente tanto do Programa Horizonte 2020 da UE, como doutras iniciativas europeas que priorizan a cooperación territorial, como o programa Interreg Sudou ou o Espazo Atlántico.

Na elaboración da RIS3T traballaron de modo conxunto a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte (CCDR). O resultado é un proxecto pioneiro en Europa que dá continuidade ás RIS3 de ambas as rexións, e que impulsa a colaboración transrexional como aspecto

central da especialización intelixente. No proceso participaron máis de 200 empresas e centros de coñecemento dos dous lados da fronteira.

Neste marco, o obxectivo común é aproveitar sinerxías para impulsar, a través da innovación, a competitividade das pemes, a captación de investimentos innovadores e o talento dos centros de coñecemento, o que se traducirá en máis crecemento e máis e mellor emprego. O cumprimento destas metas será obxecto de seguimento por parte dun observatorio específico coordinado polas dúas rexións.

### **Seis áreas de actuación**

A exploración conxunta de prioridades temáticas culminou na identificación de 6 áreas estratéxicas de colaboración, que serán criterios clave na selección de proxectos para os programas mencionados e reforzan o potencial individual dos tres retos da RIS3 galega: a xestión innovadora dos recursos naturais e patrimoniais; a mellora da competitividade e a diversificación da industria; e o logro dunha posición de liderado en vida saudable e envellecemento activo. Cómpre salientar que estas 6 prioridades se encadran dentro dos tres retos da RIS3 galega: a xestión innovadora dos recursos naturais e patrimoniais; a mellora da competitividade e a diversificación da industria; e o liderado en vida saudable e envellecemento activo.

Así, a primeira área de actuación conxunta é o aproveitamento da enerxía procedente da biomasa e do mar. Nela englobábase o cultivo de algas e a aplicación de residuos e subprodutos mariños na produción de biocombustibles; a posta en valor dos recursos agroforestais para explotar a biomasa; e o desenvolvemento de tecnoloxías para aproveitar as enerxías eólica mariña e maremotriz.

En segundo lugar, aspírase a potenciar a competitividade das industrias agroalimentaria e biotecnolóxica. Para isto, entre outros aspectos, promoverase o desenvolvemento tecnolóxico na acuicultura; mellorarase os procesos produtivos de agricultura, pesca, gandería e silvicultura; e aplicarase a biotecnoloxía para optimizar os sistemas agroambientais e mellorar a competitividade da industria alimentaria galega.

A industria 4.0 protagoniza outra das áreas prioritarias para propiciar a inmersión na denominada fábrica do futuro, máis eficiente e cun mellor comportamento ambiental. A aplicación de tecnoloxías facilitadoras como as TIC e a nanotecnoloxía aos procesos produtivos e o impulso da ecoinnovación son algunhas das liñas consideradas, que se desenvolverán en consonancia coa Axenda da Competitividade Galicia – Industria 4.0.

En cuarto lugar, o fomento da competitividade das industrias de mobilidade busca a mellora da competitividade do sector da automoción a través das TIC, e tamén a súa diversificación cara a industrias de alta tecnoloxía, principalmente a aeronáutica e a aeroespacial.

Así mesmo, a modernización das industrias turísticas e creativas a través das TIC aspira a dinamizar a oferta mediante produtos innovadores e servizos avanzados. O turismo náutico e o turismo de saúde, coa potenciación de recursos como o termalismo e a talasoterapia, constitúen algúns dos intereses compartidos por Galicia e Norte de Portugal nesta área.

E por último, o sexto eixo de actuación céntrase nas solucións avanzadas para a vida saudable centrada no envellecemento activo. A introdución de novos produtos baseados na biotecnoloxía e na nanotecnoloxía nos ámbitos farmacéutico e sanitario; a aplicación das TIC para obter produtos e servizos innovadores ao servizo do envellecemento activo; e as actuacións no marco da compra pública innovadora son algunhas das liñas englobadas nesta área.

## **O SERGAS IMPULSARÁ O USO DO DIAGNÓSTICO ASISTIDO POR ORDENADOR PARA DETECTAR E SEGUIR PATOLOXÍAS COMO O CANCRO DE MAMA OU O DE PULMÓN**

- *O sistema permitirá o acceso homoxéneo e normalizado a ferramentas de detección, diagnóstico e seguimento aos profesionais do Sergas*

O Servizo Galego de Saúde está a impulsar un novo modelo de servizo para incrementar o uso do diagnóstico asistido por ordenador (CAD) en distintas áreas asistenciais. O proxecto dispón dunha plataforma central de recepción e xestión de peticións de estudos CAD e módulos para mama, pulmón e melanoma. Ademais, permite incorporar no futuro novos módulos á plataforma para o tratamento de novas patoloxías (retinografía, imaxes de anatomía patolóxica, etc.).

Así o explicou hoxe o conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, aos membros do Consello da Xunta, onde deu conta da contratación por compra pública de tecnoloxía innovadora do servizo de deseño, construción e fase de demostración de sistemas de diagnóstico asistido por ordenador, dentro do convenio de InnovaSaúde e cofinanciado nun 80% por fondos Feder-Fondo Tecnolóxico.

En áreas onde as técnicas CAD xa están consolidadas dende o punto de vista técnico - como é o caso da mama ou a tomografía computerizada (CT) de pulmón-, este sistema permitirá o acceso homoxéneo e normalizado a ferramentas de detección, diagnóstico e seguimento a todos os radiólogos do Sergas.

Ademais, en áreas como a placa de tórax ou a fotodermatoscopia, o proxecto incorpora o desenvolvemento e optimización de algoritmos que permitirán a radiólogos, médicos de atención primaria e dermatólogos ter acceso a unha ferramenta de axuda na valoración dos estudos, o que posibilitará homoxeneizar o nivel de detección e diagnóstico de patoloxías como o cancro de pulmón e o melanoma.

Con este sistema, no caso de mama será posible utilizar as ferramentas de CAD en calquera imaxe de mamografía, independentemente do detector con que se obteña. Ademais ese uso será homoxéneo, cos mesmos algoritmos e coa mesma configuración, o que fará posible a súa comparación e análise.

No caso do CT de pulmón, destacan as posibilidades no eido do seguimento da evolución dos tumores. Neste sentido, a plataforma poderá ser programada para que, de xeito automático, remita os estudos de placa simple, feitos por calquera motivo, ao módulo de tórax, que procesará de xeito remoto o estudo, e advertirá radiólogo de calquera sinal que se estableza como motivo de alerta.

Por último, no caso dos tumores da pel -onde o melanoma constitúe o de peor prognóstico, na actualidade moitos facultativos de atención primaria teñen acceso á técnica da fotodermatoscopia, que proporciona unha calidade diagnóstica para a detección. Na actualidade, pode suceder que as imaxes sexan remitidas ao dermatólogo para que faga o diagnóstico ou que o propio paciente sexa remitido ao servizo de dermatoloxía para que sexa este o que faga o estudo.

Co sistema que agora se pon en marcha, o médico de atención primaria pode facer a imaxe e remítilla ao mesmo tempo ao dermatólogo e ao módulo de CAD de melanoma, o cal, unha vez procesada a imaxe, lle remitirá a información tanto ao médico que enviou a imaxe como ao dermatólogo. Con esta ferramenta poderá desenvolverse tamén o seguimento de lesións sospeitosas.